

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

Aprobado pola Xunta de Facultade o 31 de marzo de 2016

Ratificado polo Consello de Goberno o 3 de maio de 2016

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.

Ao abeiro dos Estatutos da Universidade de Santiago, da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e de calquera outra norma que lle sexa de aplicación, a Facultade de Ciencias da Comunicación rexerá polo presente Regulamento de Réxime Interno.

Artigo 2.

A Facultade de Ciencias da Comunicación é o Centro encargado do deseño e planificación da docencia, da organización e xestión dos estudos conducentes á obtención dos títulos académicos oficiais de Xornalismo e Comunicación Audiovisual e daqueles outros que implante a Universidade de Santiago de Compostela e que se adscriban a este Centro.

Artigo 3.

Consonte o artigo 3 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, a lingua galega é a lingua propia da Facultade de Ciencias da Comunicación.

TÍTULO PRIMEIRO

Das Funcións

Artigo 4.

Segundo o establecido no artigo 51 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, as funcións da Facultade de Ciencias da Comunicación son:

- a) A elaboración dos plans de estudos das titulacións impartidas polo Centro e a participación na elaboración daquelas outras compartidas por varios centros.
- b) A organización e a xestión dos servizos docentes que lle correspondan.
- c) A coordinación, a supervisión e o control da actividade docente desenvolvida no Centro, das prácticas tuteladas externas e/ou prácticum recollidos nos plans de estudos e a participación nos procedementos que estableza a Universidade para a avaliación da calidade docente.
- d) A elaboración dun calendario de actividades lectivas para cada curso, que se deberá facer público con anterioridade á apertura da matrícula.
- e) A promoción de programas de intercambio.
- f) A promoción e implantación de medidas para a realización de prácticas externas.

- g) A realización das actividades de xestión que lle encomende a Universidade.
- h) A administración dos espazos, servizos, equipamentos e recursos do Centro e o control da súa calidade.
- i) O coñecemento da actividade investigadora que se desenvolva no Centro.
- j) A realización de actividades de formación permanente ou de extensión universitaria no seu ámbito de competencia.
- k) Calquera outra función que, de acordo con este Regulamento, lle encomende a Xunta de Facultade.

TÍTULO SEGUNDO

Dos Órganos de Goberno

Artigo 5.

Os órganos de goberno e administración da Facultade de Ciencias da Comunicación son os seguintes:

- a) A Xunta de Facultade
- b) O decano ou decana
- c) Os vicedecanos ou vicedecanas
- d) O secretario ou secretaria

CAPÍTULO PRIMEIRO

Da Xunta de Facultade

Artigo 6.

A Xunta de Facultade é o órgano Colexiado de goberno da facultade, aproba as liñas xerais de actuación no ámbito da facultade e supervisa o labor dos seus órganos de dirección e xestión.

Artigo 7.

A Xunta de Facultade estará composta por:

- a) O/a decano/a, que a convocará e presidirá.
- b) Os/as vicedecanos/as.
- c) O/a secretario/a do Centro, que actuará así mesmo como secretario/a da Xunta.
- d) O/a responsable da unidade de apoio á xestión de centros e departamentos.
- e) O/a director/a da Biblioteca da Facultade.

- f) O persoal docente e investigador e persoal investigador en formación con docencia na Facultade e censado nela, así como o non censado que teña nela un encargo docente igual ou superior ao 35% da capacidade docente dun profesor a tempo completo. Así pois:
- Todo o profesorado con vinculación permanente á Univesidade, que representará o 51%.
 - O resto, sempre que non exceda o 10%.
- g) Unha representación do estudantado do 32%.
- h) Unha representación do persoal de administración e servizos (PAS) censados na Facultade, nunha proporción do 7% do total da Xunta, se ben cun mínimo de dous.

Así pois, de acordo co establecido no artigo 95 dos Estatutos da Universidade de Santiago, a composición da Xunta da Facultade de Ciencias da Comunicación será a seguinte:

<i>PDI con vinculación permanente:</i>	
- Censado no Centro	51%
- Non censado no Centro pero cunha carga docente no Centro $\geq 35\%$ dun profesor a Tempo Completo	
<i>PDI que non teña vinculación permanente:</i>	
- A tempo parcial	5%
- A tempo completo	5%
<i>Estudantes</i>	
- de Grao	27%
- de Máster e de Doutoramento	5%
<i>PAS (mínimo 2)</i>	7%

Artigo 8.

Todos os representantes elixidos serano por dous anos, agás os estudantes, que o serán por un ano. A condición de membro da Xunta perderase ao cesar a vinculación coa Facultade ou ao deixar de cumprir os requisitos demandados ao sector polo cal foi elixido.

Artigo 9.

O persoal docente e investigador e o estudantado estarán censados soamente nun centro desta Universidade, nas condicións que estableza, con carácter xeral, o Consello de Goberno.

Artigo 10.

Son competencias da Xunta de Facultade:

- a) A elección do decano e, de ser o caso, a súa remoción mediante unha moción de censura construtiva que, en todo caso, deberá ser aprobada pola maioría absoluta dos membros da Xunta de Facultade.
- b) A elaboración e a aprobación do seu regulamento de réxime interno.
- c) A supervisión da xestión dos restantes órganos de goberno e de administración do Centro.
- d) A elaboración e a aprobación dos proxectos de plans de estudos das titulacións adscritas ao Centro, consonte a lexislación vixente e as normas xerais emanadas do Claustro Universitario.
- e) A aprobación das liñas xerais da política académica do Centro e, entre elas, a proposta e implantación de novas titulacións oficiais, de creación de escolas de especialización profesional dependentes do Centro e de organización das ensinanzas conducentes á obtención doutros diplomas e títulos.
- f) A organización dos servizos docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito, así como a coordinación e a supervisión da actividade docente do profesorado con docencia no Centro, e igualmente a supervisión do seu cumprimento.
- g) A programación dos espazos, servizos e equipamentos do Centro e a supervisión da súa xestión.
- h) A distribución das asignacións orzamentarias concedidas ao centro e o control da súa aplicación.
- i) O informe verbo das propostas de creación, modificación ou supresión de departamentos relacionados co Centro pola súa docencia e investigación
- j) A organización de actividades de formación permanente e de extensión.
- k) A manifestación da súa opinión verbo de calquera asunto relacionado co Centro ou coas súas actividades.
- l) Calquera outra competencia que lle atribúa este Regulamento ou lle encomende un órgano competente ou a lexislación vixente.

Artigo 11.

A Xunta de Facultade reunirse en pleno ou en Comisión Permanente.

Artigo 12.

A Xunta de Facultade reunirase en pleno, con carácter ordinario, polo menos tres veces durante o período lectivo do curso académico e, con carácter extraordinario, cando así o determine o decano ou así se solicite por un cuarto dos seus membros ou pola maioría da Comisión Permanente. Neste caso, o decano deberá convocar á Xunta de Facultade nun prazo máximo de 15 días dende a presentación da solicitude.

A convocatoria, tanto con carácter ordinario coma extraordinario, farase cun mínimo de 48 horas de antelación e a documentación correspondente aos asuntos a tratar tamén estará dispoñible nese prazo. A convocatoria remitirase por calquera das canles de comunicación establecidas pola Universidade: correo ordinario, correo electrónico, ...

Faranse dúas convocatorias para cada reunión, primeira e segunda, cunha diferenza de 30 minutos entre elas.

Para a válida constitución da Xunta en primeira convocatoria será necesaria a presenza do/a decano/a e do/a secretario/a, ou de quen legalmente os substitúa, así como da metade dos seus membros. Para a súa válida constitución en segunda convocatoria, será necesaria a presenza do/a decano/a e do/a secretario/a ou de quen legalmente os substitúa, e dun cuarto dos seus de membros.

Artigo 13.

A orde do día será elaborada polo/a decano/a, asistido polo/a secretario/a.

A orde do día recollerá as propostas de puntos a tratar que fixera unha quinta parte dos membros da Xunta e que se presentara polo rexistro da Facultade. Os puntos propostos debeán ser tratados nunha Xunta de Facultade nun prazo máximo de 15 días.

Artigo 14.

Correspóndelle ao/a decano/a presidir as reunións da Xunta de Facultade, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causa xustificada.

Cada punto da orde do día dará lugar a que se abra un debate no que poderán intervir cantos membros da Xunta o desexen, respectando a quenda de exposición que estableza o/a presidente/a.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure na orde do día, agás que estando presentes todos os membros da Xunta sexa declarada a urxencia do asunto mediante voto favorable da maioría.

Nas reunións da Xunta de Facultade convocadas con carácter extraordinario, poderán tratarse un ou varios asuntos sempre e cando figuren de forma específica na orde do día, se ben non poderán aprobarse actas de reunións anteriores.

Os acordos adoptaranse por maioría simple de votos, salvo que as súas normas específicas prevean outras maiorías.

As decisións pódense adoptar por asentimento ou por votación, esta última a man alzada ou secreta.

As votacións serán secretas cando así se acorde pola Xunta, ou cando así se solicite por unha quinta parte dos seus membros. De igual xeito, a votación será secreta cando se trate da elección ou da remoción de cargos ou de calquera outra cuestión que teña posibles efectos de carácter persoal.

Non se admite a delegación de voto nin o voto anticipado.

Artigo 15.

O/a secretario/a levantará acta de cada sesión que se celebre, nela especificaránse os asistentes, o lugar, data e hora en que se celebrou, a orde do día da reunión, así como as deliberacións e o contido dos acordos adoptados.

Na acta figurará, por solicitude expresa dos respectivos membros da Xunta, o voto contrario aos acordos adoptados, a súa abstención e os motivos que a xustifican, ou ben a xustificación do seu voto favorable. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención, sempre que se refira a algún dos puntos da orde do día e aporte durante a celebración da Xunta, ou no prazo que lle sinala o presidente da mesma, o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose constar así na acta e adxuntándose copia a esta.

Os membros que discrepen do acordo ou acordos maioritario/s poderán formular un voto particular por escrito, no prazo de 48 horas contado dende o momento no que o presidente de por finalizada a sesión, dito voto se incorporará ao texto da acta aprobado finalmente.

Os membros que voten en contra ou se absteñan con respecto a un acordo determinado, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, poida derivarse da adopción do mesmo.

As actas aprobaranse na mesma sesión da que se deriven ou ben na seguinte; non obstante, o/a secretario/a poderá emitir, con antelación, certificación sobre os acordos específicos que se tiveran adoptado, sen prexuízo da posterior aprobación da acta.

Nas certificacións dos acordos adoptados, emitidas con anterioridade á aprobación da acta, farase constar expresamente tal circunstancia.

CAPÍTULO SEGUNDO

Do/a decano/a

Artigo 16.

O/a decano/a representa á Facultade, leva a cabo labores de dirección e xestión ordinaria, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os seus acordos.

Artigo 17.

Son competencias específicas do/a decano/a:

- a) A representación da Facultade.
- b) A presidencia das reunións da Xunta de Facultade e de calquera outro órgano colexiado, ao tempo que garantirá a execución dos seus acordos.
- c) A vixilancia do cumprimento da legalidade en todas as actuacións da Facultade.
- d) A dirección académica de todas as titulacións oficiais adscritas ao Centro.
- e) A dirección económica das actividades organizadas polo Centro.
- f) A proposta ao reitor do nomeamento e cesamento do secretario e dos vicedecanos ou subdirectores, dentro do límite que sinala o Consello de Goberno.
- g) A vixilancia do respecto dos dereitos e do cumprimento dos deberes de todos os membros da comunidade universitaria que desenvolven o seu labor no Centro.
- h) O control do cumprimento das obrigas docentes e discentes.
- i) O control do adecuado mantemento do patrimonio do Centro.
- j) O exercicio das restantes funcións que deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalen os estatutos da Universidade de Santiago ou a lexislación universitaria vixente.
- k) As competencias do/a decano/a estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da Facultade, que non estean atribuídos a outros órganos.

Artigo 18.

A Xunta de Facultade elixirá ao/á decano/a, de acordo co procedemento establecido na normativa electoral da Universidade de Santiago, de entre o profesorado con vinculación permanente á Universidade e censado na Facultade, e será o/a reitor/a quen o/a nomee.

De non se poder levar a cabo a elección por falta de persoas candidatas que reunan os requisitos esixidos o Consello de Goberno, trala proposta do/a reitor/a, encargarlle provisoriamente as funcións de decano/a a un/ha profesor/a con vinculación permanente á Universidade censado na Facultade. Rematado o curso académico, convocaranse novas eleccións.

Artigo 19.

O mandato do/a decano/a será de catro anos e o mesmo candidato non poderá ocupar o cargo máis de dous mandatos consecutivos.

Artigo 20.

O decano cesará ao rematar o seu mandato, ou ben por dimisión, por disolución da Xunta de Facultade que o/a elixiu, ou como consecuencia dunha moción de censura construtiva aprobada por maioría absoluta.

Artigo 21.

Os membros da Xunta de Facultade poderán promover a presentación dunha moción de censura ao/á decano/a. Esta moción deberá ir avalada por un terzo do total de membros e deberá presentarse no rexistro da Facultade asinada por todos os promotores, un dos cales deberá figurar como representante e como candidato alternativo ao Decanato.

Recibida a proposta, o/a decano/a procederá, nun prazo máximo de 15 días, á convocatoria extraordinaria da Xunta de Facultade para debater a moción presentada.

Para que a moción prospere deberá ser avalada pola maioría absoluta da Xunta de Facultade.

De non prosperar a moción de censura, os seus promotores non poderán promover unha segunda moción durante o mesmo curso académico.

CAPÍTULO TERCEIRO

Do/a secretario/a

Artigo 22.

Corresponde ao/á secretario/a da Facultade dar fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do Centro e, como tal, ten encomendada a custodia das actas e a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do Centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que lle encomende o decano, os estatutos da Universidade de Santiago e a lexislación vixente.

Artigo 23.

O/a secretario/a será nomeado polo reitor, segundo a proposta do/a decano/a, de entre os profesores ou funcionarios dos subgrupos A1 e A2 censados no Centro.

Artigo 24.

O/a secretario/a cesará por decisión do/a reitor/a, tras a proposta do/a decano/a ou por petición propia.

CAPÍTULO CUARTO

Dos/as vicedecanos/as

Artigo 25.

Os/as vicedecanos/as serán nomeados polo/a reitor/a, a proposta do/a decano/a, de entre os membros da comunidade universitaria da Facultade que reúnan os requisitos establecidos nos Estatutos da Universidade de Santiago.

Artigo 26.

É labor dos/as vicedecanos/as coordinar ou dirixir, baixo a autoridade do/a decano/a, a área ou áreas de competencia que este lles encomende, sen prexuízo de que as funcións técnico-administrativas correspondan ao PAS. De existiren varios vicedecanos, será o decano quen designe ao seu substituto en caso de ausencia ou enfermidade dalgún deles.

Artigo 27.

Os/as vicedecanos/as cesarán no seu cargo por decisión do reitor, logo da proposta do decano, ou a petición propia.

CAPÍTULO QUINTO

Da Comisión Permanente

Artigo 28.

A Comisión Permanente da Xunta de Facultade estará composta por:

- a) O/a decano/a, que a preside e convoca.
- b) O/a secretario/a, que tamén o será da comisión permanente.
- c) Os/as vicedecanos/as.
- d) Os/as directores/as dos Departamentos que teñan a súa sé na Facultade.
- e) Unha representación proporcional dos distintos sectores que integran o pleno da Xunta, distribuídos do seguinte xeito:

- 3 representantes do PDI (con e sen vinculación permanente)
- 2 representantes do estudantado
- 1 representante do PAS

Artigo 29.

Os membros da comisión permanente da Xunta de Facultade serán elixidos de entre os seus membros cada vez que se renove a composición da propia Xunta, isto é, cada dous anos, agás a representación de estudantes que se renovará anualmente.

Os seus membros elixíranse sometendo á votación unha listaxe aberta por cada sector do persoal afecto, resultando elixidos aqueles que acaden un maior número de votos.

No caso de que se produzan renuncias ou cesamentos antes do tempo previsto, ocupará a vacante quen figure na lista do sector afectado no lugar seguinte ao último membro electo. De terse esgotada a listaxe, procederase a unha nova elección entre os membros dese mesmo sector.

Artigo 30.

A comisión permanente da Xunta de Facultade reunirase en pleno, con carácter ordinario, polo menos unha vez ao trimestre e, con carácter extraordinario, cando así o determine o/a decano/a ou así se solicite por un terzo dos seus membros. Neste caso, o/a decano/a deberá convocar á comisión permanente nun prazo máximo de 15 días dende a presentación da solicitude.

A convocatoria farase cun mínimo de 48 horas de antelación e a documentación correspondente aos asuntos a tratar tamén estará dispoñible nese prazo. A convocatoria remitirase por calquera das canles de comunicación establecidas pola Universidade: correo ordinario, correo electrónico, ..

Faranse dúas convocatorias para cada reunión, primeira e segunda, cunha diferenza de 30 minutos entre elas.

Para a constitución válida da comisión permanente en primeira convocatoria será necesaria a presenza do/a decano/a e do/a secretario/a ou de quen legalmente os substitúa, así como da metade dos seus membros. Para a súa constitución válida en segunda convocatoria será necesaria a presenza do/a decano/a e do/a secretario/a ou de quen legalmente os substitúa, así como dun terzo dos seus de membros.

Artigo 31.

A comisión permanente será competente nos seguintes asuntos:

- a) Resolver aqueles asuntos que non estean incluídos nas competencias propias das outras comisións delegadas ou que estas eleven á comisión permanente.
- b) Adoptar acordos sobre os asuntos que lle foran delegados polo pleno.
- c) Asesorar en todas as cuestións que o/a decano/a e maila Xunta de Facultade lle someta no exercicio das súas competencias, e dicir, sobre as que lle delegaran expresamente.

CAPÍTULO SEXTO

DAS COMISIÓNS DELEGADAS

Artigo 32.

As comisións delegadas son órganos de asesoramento, que actúan por delegación da Xunta de Facultade. As súas funcións son as de elaborar, informar e coordinar propostas sobre os asuntos que este regulamento ou os órganos competentes de goberno da Facultade lles encomenden.

Artigo 33.

As comisións delegadas poden ser estables ou temporais (creadas para unha finalidade concreta).

As comisións temporais crearanse ou suprimíranse por acordo do pleno da Xunta de Facultade, a iniciativa do/a decano/a ou a petición dun terzo dos membros da Xunta.

Cada comisión terá estrutura de seu e será presidida polo/la decano/a ou membro do equipo decanal en quen delegue. O/a secretario/a da Xunta de Facultade serao tamén das Comisións, se formara parte delas, en caso contrario, será elixido de entre os membros integrantes da comisión. Os seus integrantes serano tamén da Xunta de Facultade.

Artigo 34.

As comisións estables reuniránse, polo menos, unha vez ó trimestre.

As comisións quedarán constituídas, en primeira convocatoria, coa asistencia do/a presidente/a e secretario/a, ou das persoas que legalmente os substitúan, e coa asistencia da metade dos seus membros; e, en segunda convocatoria, transcorrida media hora, coa asistencia do/a presidente/a e secretario/a, ou dos/as seus substitutos, ademais dun terzo dos seus membros. De non conseguirse o quórum sinalado, procederase a realizar unha nova convocatoria.

A orde do día deberá estar en poder de todos os membros da comisión cunha antelación mínima de corenta e oito horas. Esta será elaborada polo/a secretario/a da Comisión.

Os membros das comisións estables serán elixidos polo sector ao que representan por períodos de dous anos e nomeados polo/la decano/a da Facultade, agás os/as representantes de estudantes, que son elixidos anualmente.

Da Comisión Académica e de Traballo de Fin de Grao

Artigo 35.

A Comisión Académica e de Traballo de Fin de Grao terá a composición que determinen as normas xerais da USC para todos os graos ou se concreten de acordo con aquelas no propio regulamento do TFG.

Corresponde á Comisión Académica e de Traballo de Fin de Grao:

- a) A análise, de acordo co establecido na normativa universitaria, das solicitudes razoadas, por parte dos estudantes, de revisión das cualificacións que os afectados consideren obxecto dun tratamento arbitrario e/ou discriminatorio.
- b) A proposta de resolucións das solicitudes de recoñecemento e de validación de estudos.
- c) A coordinación das actividades docentes nos seus aspectos xerais e a determinación dos criterios relativos á organización de grupos prácticos e de horarios.
- d) Supervisar o cumprimento dos horarios docentes en coordinación cos Departamentos, tanto no que atinxe á asistencia á clase, coma á actividade titorial.
- e) Tamén lle corresponden aqueloutras funcións que lle encomende a normativa universitaria en relación cos Traballos de Fin de Grao ou a Xunta de Facultade.

Da Comisión Económica e de Infraestruturas

Artigo 36.

A Comisión Económica e de Infraestruturas estará composta por:

- Decano/a ou membro do equipo decanal en quen delegue.
- 2 representantes do profesorado con vinculación permanente.
- 1 representante do profesorado sen vinculación permanente.
- 2 representantes do sector de estudantes.
- 1 representante do PAS, que será o responsable de asuntos económicos do Centro.

Artigo 37.

Son funcións da Comisión Económica as seguintes:

- a) A proposta de distribución do orzamento en tódolos seus conceptos, un dos cales estará destinado a sufragar actividades propias das organizacións estudiantís operativas no Centro.
- b) A optimización da aplicación dos presupostos en atención ás competencias da Facultade.
- c) O control e seguimento dos servizos que teña arrendados a Universidade de Santiago de Compostela, que se desenvolvan en instalacións da Facultade (v.g. cafetería: lista de prezos, control relación prezo-calidade...)
- d) Habilitar os locais necesarios para que o PAS e os estudantes poidan desenvolver as tarefas derivadas da súa participación nos órganos de goberno da Facultade.
- e) Outras funcións que lle encomende a Xunta de Facultade dentro do seu ámbito competencial

Da Comisión de Normalización Lingüística

Artigo 38.

A Comisión de Normalización Lingüística estará formada por:

- Decano/a ou persoa do equipo decanal en quen delegue.
- 2 representantes do profesorado con vinculación permanente.
- 1 representante do profesorado sen vinculación permanente.
- 1 representante do alumnado.
- 1 representante do PAS.

As funcións desta comisión serán as seguintes:

- a) Impulsar o cumprimento da normativa en materia de normalización lingüística no ámbito da Facultade.
- b) Promover o uso normalizado do galego en todas as actividades que nela se desenvolven.
- c) Outras funcións que lle encomende a Xunta de Facultade dentro do seu ámbito competencial.

Da Comisión de Actividades Extracurriculares e de Xénero

Artigo 39.

A Comisión de Actividades Extracurriculares e de Xénero estará composta por:

- Decano/a, ou persoa do equipo decanal en quen delegue.
- 2 representantes do profesorado con vinculación permanente.
- 1 representante do profesorado sen vinculación permanente.
- 2 representantes do sector de estudantes.
- 1 representante do PAS.

Artigo 40.

As funcións desta comisión serán as que lle encomende a Xunta de Facultade ou a normativa universitaria, dentro do seu ámbito competencial.

OUTRAS COMISIÓNS:

Da Comisión de Biblioteca e Mediateca

Artigo 41.

A Comisión de Biblioteca e Mediateca terá a composición que determinen as normas xerais da USC.

Artigo 42.

As funcións desta comisión inseriranse dentro das ditadas con carácter xeral polo regulamento das bibliotecas universitarias. Ademais, serán funcións desta comisión as seguintes:

- a) A coordinación, conxuntamente cos Departamentos implicados na docencia do Centro, da adecuada atención ós sectores comúns da biblioteca e mediateca da Facultade, así como a canalización das adquisicións dos fondos xerais.
- b) A procura de mecanismos de axilización do acceso ao material librario e non librario por parte da comunidade docente e investigadora e máis do estudantado.
- c) A elaboración e modificación do regulamento da biblioteca e mediateca que será elevado á Xunta de Facultade para a súa aprobación.
- d) A proposta de modificacións do regulamento xeral da Biblioteca Universitaria.
- e) Tamén lle corresponden aquelas outras funcións que lle encomende a normativa universitaria ou a Xunta de Facultade dentro do seu ámbito competencial.

Da Comisión de Calidade do Centro

Artigo 43.

A Comisión de Calidade estará formada por:

- Decano/a ou persoa do equipo decanal en quen delegue.
- Responsable de Calidade do Centro.
- Coordinador do Grao en CAV.
- Coordinador do Grao en Xornalismo.
- 2 representantes do profesorado con vinculación permanente.
- 1 representante do alumnado preferentemente alumno/a-titor/a.
- 1 representante do PAS.
- Outros membros, de selo caso, que designe o/a decano/a.

Artigo 44.

As funcións desta comisión serán as seguintes:

- a) Realizar o deseño, implantación, seguimento e mellora do SGIC no Centro.
- b) Elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias: Informe de resultados do sistema, que inclúe a proposta do plan de melloras do Centro para o curso seguinte.
- c) Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
- d) Memoria dos Titulos que inclúe as propostas de mellora.
- e) Tamén lle corresponden aquelas outras funcións que lle encomende a normativa universitaria ou a Xunta de Facultade dentro do seu ámbito competencial.

Comisión de Mobilidade

Artigo 45.

A Comisión de Mobilidade estará formada por:

- O decano/a ou persoa do equipo decanal en quen delegue.
- O/a responsable académico de mobilidade.
- Os/as coordinadores/ras de mobilidade.
- O/a responsable da Unidade.

Artigo 46.

As funcións desta comisión serán as seguintes:

- a) Fomentar entre o estudantado da Facultade a participación en programas de mobilidade.
- b) Procurar, propoñer e xestionar o establecemento de acordos de intercambio con outras universidades para a mobilidade de estudantes, PDI e PAS.
- c) Establecer os criterios para o recoñecemento de materias cursadas noutras universidades ao abeiro dos programas de intercambio e mobilidade.
- d) Facer propostas de mellora para a organización e o desenvolvemento dos programas de intercambio e mobilidade nos que participe a Facultade.
- e) Establecer os criterios de selección do alumnado para aqueles procedementos de intercambios en que así se estableza.
- f) Realizar a selección do alumnado naqueles procedementos de intercambios en que así se estableza.
- g) Tamén lle corresponden aqueloutras funcións que lle encomende a normativa universitaria ou a Xunta de Facultade dentro do seu ámbito competencial.

TÍTULO TERCEIRO

Da Reforma do Regulamento de Réxime Interno

Artigo 47.

A reforma do Regulamento de Réxime Interno pode ser promovida polo/la decano/a ou pola Xunta de Facultade, debendo ser avalada, como mínimo, por un cuarto dos seus membros.

As propostas de reforma deberán presentarse articuladas e motivadas, e o seu procedemento será o establecido para as convocatorias extraordinarias da Xunta de Facultade.

A Xunta de Facultade deberá pronunciarse, en primeiro lugar, sobre a toma en consideración da proposta, a cal será aceptada de pronunciarse ao seu favor, como mínimo, un terzo dos representantes.

Se así for, abrírase un prazo de 15 días para a presentación de emendas, transcorrido o período convocarase unha nova Xunta de Facultade extraordinaria, para someter a revisión o novo texto coas emendas integradas.

No suposto de que a reforma do regulamento veña motivada pola necesidade de adaptalo a cambios normativos ou lexislativos de rango superior, farase de oficio, mediante a presentación do proxecto de reforma e a conseguinte apertura do prazo de emendas, non sendo necesario someter o citado proxecto á fase de toma en consideración.

Toda reforma do regulamento será ratificada polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

Disposición Final

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, logo da súa ratificación polo Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela.

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión ordinaria do 3 de maio de 2016, aprobou por asentimento o *Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias da Comunicación* e o *Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Óptica e Optometría*.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a 19 de maio de 2016, co Visto e Prace do sr. Reitor.

Vº e Prace

O reitor

Juan M. Víaño Rey



C. Ferreiro